

E, CON TODO, É MÚSICA

CLÁSICOS IM(POPULARES) DO SÉCULO XX

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

21 xaneiro - 22 abril 2027

Auditorio do CGAC

Horario: xoves de 19:00 a 20:30

DIRECCIÓN: Beatriz Busto Miramontes

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Sobre a arte do século XX (tamén sobre a do XXI) pesa un notable paradoxo: sendo o século máis impopular, é o máis popular dos séculos. Porén, a incompreensión arredor dos procesos de creación contemporánea na música non é un fenómeno que exclusivo destes dous últimos séculos, senón que é algo histórico. A música contemporánea, foi contemporánea en cada un dos períodos estilísticos que hoxe son considerados séculos dourados da arte musical. Ben fosen as disonancias de Monteverdi no século XVI, as asimétrías de Bach no XVIII, a fealdade beethoveniana de *A gran fuga*, ou a extravagancia de Berlioz na *Sinfonía fantástica*, o certo é que a procura da orixinalidade compositiva na música nunca foi un camiño fácil.

O obxectivo deste curso é despertar o interese e a fascinación pola música do século XX e facilitar un maior achegamento e comprensión das súas distintas manifestacións —desde a música de corte académico ata as de carácter popular, como a tradición oral, o jazz ou o rock—, así como dos lugares nos que unhas e outras conflúen ou se tocan.

Farémolo a través dunha aproximación divulgativa que nos permita reflexionar sobre a variabilidade histórica de conceptos como a beleza, o melodioso, o agradable ou o consonante. Poremos en valor as apostas que compositores e compositoras do século XX fixeron seguindo o pulso da exploración, da súa creatividade e da transcendencia, a través da súa obra; alentos humanos tan comúns a calquera contemporaneidade.

PROGRAMA

21 XANEIRO. *Cando é "moderno"?*

28 XANEIRO. *Expansión/contracción*

4 FEBREIRO. *A emancipación da música*

11 FEBREIRO. *Arredor do primitivo*

18 FEBREIRO. *Cidade, maquinismo e cachifallos*

25 FEBREIRO. *Doce*

4 MARZO. *Exóticos lugares*

11 MARZO. *Orde/azar*

18 MARZO. *O son sintetizado*

1 ABRIL. *A arte de repetir* (a cargo de Valentín Benavides)

8 ABRIL. *Futuros pasados do jazz* (a cargo de Iván Iglesias)

15 ABRIL. *Échotopies* (a cargo de Xulia Feixoo)

22 ABRIL. *Chispún?*



Sobre el arte del siglo XX (también sobre el del XXI) pesa una notable paradoja: siendo el siglo más impopular, es el más popular de los siglos. Sin embargo, la incompreensión en torno a los procesos de creación contemporánea en la música no es un fenómeno exclusivo de estos dos últimos siglos, sino algo histórico. La música contemporánea fue contemporánea en cada uno de los períodos estilísticos que hoy son considerados siglos dorados del arte musical. Ya fueran las disonancias de Monteverdi en el siglo XVI, las asimétrías de Bach en el XVIII, la fealdade beethoveniana de *La gran fuga* o la extravagancia de Berlioz en la *Sinfonía fantástica*, lo cierto es que la búsqueda de la originalidad compositiva en la música nunca fue un camino fácil.

El objetivo de este curso es despertar el interés y la fascinación por la música del siglo XX y facilitar un mayor acercamiento y comprensión de sus distintas manifestaciones —desde la música de corte académico hasta las de carácter popular, como la tradición oral, el jazz o el rock—, así como de los lugares en los que unas y otras confluyen o se tocan.

Lo haremos a través de una aproximación divulgativa que nos permita reflexionar sobre la variabilidad histórica de conceptos como la belleza, lo melodioso, lo agradable o lo consonante. Pondremos en valor las apuestas que compositores y compositoras del siglo XX hicieron siguiendo el impulso de la exploración, de su creatividad y de la trascendencia, a través de su obra; impulsos humanos tan comunes a cualquier contemporaneidad.

PROGRAMA

21 ENERO. *¿Cuándo es "moderno"?*

28 ENERO. *Expansión/contracción*

4 FEBRERO. *La emancipación de la música*

11 FEBRERO. *En torno a lo primitivo*

18 FEBRERO. *Ciudad, maquinismo y cachivaches*

25 FEBRERO. *Doce*

4 MARZO. *Exóticos lugares*

11 MARZO. *Orden/azar*

18 MARZO. *El sonido sintetizado*

1 ABRIL. *El arte de repetir* (a cargo de Valentín Benavides)

8 ABRIL. *Futuros pasados del jazz* (a cargo de Iván Iglesias)

15 ABRIL. *Échotopies* (a cargo de Xulia Feixoo)

22 ABRIL. *Chispún?*

BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES (Santiago de Compostela, 1979) é mestra de Educación Musical, musicóloga e antropóloga. Durante máis de quince anos exerceu docencia musical en diversas institucións educativas, formando alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria e persoas adultas na Escola Municipal de Música de Santiago. Actualmente é profesora e investigadora de Antropoloxía Sociocultural na Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela. É autora dos libros *Um país "a la gallega"*. *Galiza no NO-DO franquista*, obra galardoada co Premio Follas Novas do Libro Galego e *Pandereteiras de Mens*. Adoita participar en congresos, conferencias, entrevistas e xurados profesionais para compaxinar a súa vocación docente coa investigación e a divulgación arredor da música oral e dos procesos de folclorización en Galicia.

VALENTÍN BENAVIDES GARCÍA (León, 1974) é compositor, director de coro e musicólogo. Traballa como profesor permanente laboral da Universidade de Valladolid e investiga os procesos de creación de compositores españois contemporáneos.

IVÁN IGLESIAS IGLESIAS (Lalín, 1979) é musicólogo e saxofonista de jazz. Traballa como profesor catedrático da Universidade de Valladolid e investiga o jazz, a música popular e a política cultural durante a ditadura franquista.

XULIA FEIXOO MARTÍNEZ (Vigo, 1987) é etnomusicóloga, percusionista e investigadora. Traballa como profesora asociada da Universidade de Valladolid e investiga sobre a música de tradición oral en Galicia e a foliada como fenómeno sociocultural contemporáneo.

BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES (Santiago de Compostela, 1979) es maestra de Educación Musical, musicóloga y antropóloga. Durante más de quince años ejerció la docencia musical en diversas instituciones educativas, formando a alumnado de Educación Infantil, Primaria y Secundaria y a personas adultas en la Escuela Municipal de Música de Santiago. Actualmente es profesora e investigadora de Antropología Sociocultural en la Facultad de Filosofía de la Universidad de Santiago de Compostela. Es autora de los libros *Um país "a la gallega"*. *Galiza no NO-DO franquista*, obra galardonada con el Premio Follas Novas do Libro Galego, y *Pandereteiras de Mens*. Participa habitualmente en congresos, conferencias, entrevistas y jurados profesionales para compaginar su vocación docente con la investigación y la divulgación en torno a la música oral y los procesos de folclorización en Galicia.

VALENTÍN BENAVIDES GARCÍA (León, 1974) es compositor, director de coro y musicólogo. Trabaja como profesor permanente laboral de la Universidad de Valladolid e investiga los procesos de creación de compositores españoles contemporáneos.

IVÁN IGLESIAS IGLESIAS (Lalín, 1979) es musicólogo y saxofonista de jazz. Trabaja como profesor catedrático de la Universidad de Valladolid e investiga el jazz, la música popular y la política cultural durante la dictadura franquista.

XULIA FEIXOO MARTÍNEZ (Vigo, 1987) es etnomusicóloga, percusionista e investigadora. Trabaja como profesora asociada de la Universidad de Valladolid e investiga sobre la música de tradición oral en Galicia y la foliada como fenómeno sociocultural contemporáneo.

PERSOAS DESTINATARIAS

O curso está dirixido a calquera persoa interesada na historia da música e na cultura contemporánea.

PRAZAS: 250

MATRÍCULA: 30 €

INSCRIPCIÓN

O prazo de inscrición estará aberto desde o 29 de setembro de 2026 ata o 19 de xaneiro de 2027. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal na que deberán indicar os seguintes datos: apelidos, nome, DNI, área de traballo, interese ou estudos, un enderezo electrónico e un número de teléfono de contacto. Unha vez aceptada a súa solicitude, as persoas rexistradas recibirán información sobre como facer efectivo o pago.

CERTIFICACIÓN

O CGAC expediralles un certificado de aproveitamento a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 70 % das sesións do curso.

PERSONAS DESTINATARIAS

El curso está dirigido a cualquier persona interesada en la historia de la música y en la cultura contemporánea.

PLAZAS: 250

MATRÍCULA: 30 €

INSCRIPCIÓN

El plazo de inscripción estará abierto desde el 29 de septiembre de 2026 hasta el 19 de enero de 2027. Las personas interesadas pueden enviar a cgac.educacion@xunta.gal un correo electrónico en el que deberán indicar los siguientes datos: apellidos, nombre, DNI, área de trabajo, interés o estudios, una dirección de correo electrónico y un número de teléfono de contacto. Una vez aceptada su solicitud, las personas inscritas recibirán información sobre cómo hacer efectivo el pago.

CERTIFICACIÓN

El CGAC expedirá un certificado de aprovechamiento a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 70 % de las sesiones del curso.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31

cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal